

 **Convenio de cooperación entre a Consellaría de Industria da Xunta de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela, para a realización do Curso de Posgrao de Dirección e Xestión de Cooperativas e Pequenas e Medianas Empresas**

 **PARTICIPANTES**

Dunha banda, a Sra. Rosalía Lama Valcarce, conselleira de Industria da Xunta de Galicia, en representación desta institución en virtude do Decreto 289/2005, do 23 de xuño, do seu nomeamento; no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/83 do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente.

Da outra, o Sr. Caetano Valverde Baño, reitor da Universidade de Santiago de Compostela, en representación desta institución segundo o establecido na Lei 11/2002, do 25 de agosto, e no Decreto 223/2003, do 18 de xullo, da Xunta de Galicia.

 **ANTECEDENTES**

A Universidade de Santiago de Compostela é unha entidade que leva a cabo actividades de docencia e que traballa a prol do desenvolvemento económico de Galicia.

O fomento da economía social, unido á integración do Estado español na Comunidade Económica Europea suscita novas necesidades en áreas do coñecemento e na experiencia práctica do cooperativismo e das pequenas e medianas empresas, polo que se fai preciso adaptalas ás novas necesidades do mercado.

A Xunta de Galicia, en xeral, e a Consellaría de Industria, en particular, apoian as iniciativas que conducen ao mellor coñecemento da problemática do cooperativismo en Galicia, así como a formación de especialistas que faciliten unha maior expansión e capacitación non só das cooperativas, senón tamén das pequenas e medianas empresas.

A Universidade de Santiago de Compostela e mais a Consellaría de Industria consideran esencial o establecemento de accións precisas tendentes a un maior desenvolvemento económico da Comunidade Autónoma de Galicia.

Por todo iso, formalizan os seguintes



ACORDOS

1 O obxecto deste convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a cooperación entre a Consellaría de Industria e mais a Universidade de Santiago de Compostela para realizaren un Curso de Posgrao de Dirección e Xestión de Cooperativas e Pequenas e Medianas Empresas.

2 Como contrapartida á contribución que se establece no acordo quinto, estipúlase a participación no curso de persoal adscrito á devandita consellaría, ata un máximo de cinco persoas.

3 As materias que se desenvolverán no curso son as establecidas no programa, que se inclúe como anexo 1.

4 A Consellaría de Industria subvencionará a realización deste curso.

5 A contribución ó financiamento do curso, no que atinxe á Consellaría de Industria, establécese en 60 000 euros, con cargo á partida 564.000 do programa 234A dos orzamentos da Comunidade Autónoma do ano 2021; segundo o estado de gastos e ingresos do orzamento do curso, remitido pola Universidade de Santiago de Compostela, que se engade como anexo 2, sen que os incrementos que sufra o mesmo supoñan un aumento da contribución da Xunta.

6 A antedita achega librarase mediante pagamentos parciais, a medida que a entidade beneficiaria xustifique os gastos e por conta da liquidación definitiva, ata o 80 % do financiamento achegado pola Consellaría de Industria. O importe restante aboarase unha vez cumprido o establecido na cláusula sétima.

7 A Universidade de Santiago de Compostela, despois de facer todas as actividades derivadas do curso obxecto deste convenio, remitirá unha certificación dos gastos realizados. Para o suposto de que estes foran menores ca os previstos, a contribución da Xunta de Galicia minorarase porcentualmente. A Consellaría de Industria resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que considere precisa en relación coa xustificación do gasto.

8 O asinamento do convenio non supón relación laboral, contractual ou de ningún outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades e as institucións que o asinan, de tal xeito que a estas non se lles pode esixir responsabilidade ningunha, indirecta nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do curso.

9 Son parte integrante do presente convenio os anexos 1 e 2 que se acompañan.

10 Correspóndelle á Consellaría de Industria posuír prerrogativa de interpretar este convenio e resolver as dúbidas que xurdan sobre o seu cumprimento, de xeito que os acordos que adopte terán carácter executivo. As cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos do documento serán resolvidas por ela, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra eles pode interpoñerse recurso contencioso-administrativo, de acordo co disposto na Lei reguladora desta xurisdición. Para este efecto o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

En sinal de conformidade, as dúas partes asinan este convenio no lugar e na data que se indica máis abaixo.

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2024



A conselleira de Industria

O reitor da Universidade
de Santiago de Compostela

ANEXOS

Programa do Curso de Posgrao de Dirección e Xestión de Cooperativas e Pequenas e Medianas Empresas

Orzamento do Curso de Posgrao de Dirección e Xestión de Cooperativas e Pequenas e Medianas Empresas